

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE XUÑO DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de xuño de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

RAMÓN CARRO OTERO.(PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 29.04.2014.

2º) TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR D. RAMÓN CARRO OTERO.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.04.2014 AO 13.06.2014.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

5º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 1º TRIMESTRE DE 2014.

6) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL (2013) DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN RELACIONADO COA MEDICIÓN E CONTROL DE RÚIDOS E VIBRACIÓNS EN ACTIVIDADES SOMETIDAS A LICENZA DE APERTURA OU Á PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA.

9º) MOCIÓNS.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 29.04.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 29 de abril de 2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR D. RAMÓN CARRO OTERO.

Dada conta do expediente tramitado para a substitución por renuncia da concelleira do Partido Popular Mónica Pato Magariños, e previa renuncia anticipada de José Rama Guerra e Laura Alonso Vázquez, téndose recibida a credencial de concelleiro da Xunta Electoral Central en favor de Ramón Carro Otero e téndose acreditado polo interesado o cumprimento do disposto nos art. 30 e 31 do RD. 2568/1986, do 28 de novembro, se lle formula por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, a pregunta establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, respondendo si prometo, polo que queda posesionado do cargo de concelleiro deste Concello desde este momento, incorporándose ao Pleno integrado no grupo municipal do Partido Popular.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.04.2014 AO 13.06.2014.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

11.04.14.- Anulación dunha concesión de axuda de emerxencia municipal por incumprimento de requisitos esixidos para a súa concesión.

11.04.14.- Aprobación da xustificación do consumo das axudas de emerxencias a través da tarxeta de transporte metropolitano.

11.04.14.- Aprobación de expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados por omisión de erros contables.

14.04.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza reguladora da administración electrónica municipal.

14.04.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da derogación do regulamento dos procedementos de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura.

14.04.14.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión e os seus prezos públicos.

14.04.14.- Aprobación provisional do padrón fiscal de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2014.

14.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 206,72 euros (gastos de locomoción dunha traballadora).

14.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 54,50 euros (gastos de locomoción, peaxe e estacionamento dunha traballadora).

14.04.14.- Reintegro da cantidade de 111,40 € a unha traballadora polo pagamento anticipado derivado de gastos en material de reposición para a escola infantil municipal.

14.04.14.- Aprobación de expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados por omisións ou erros contables.

15.04.14.- Aprobación da xustificación do consumo da axuda de emerxencia a través de recarga da tarxeta de transporte metropolitano concedida a un veciño.

15.04.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 420,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de viaxe da terceira idade ao Algarve.

15.04.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 420,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de viaxe da terceira idade ao Algarve.

15.04.14.- Devolución de aval bancario depositado para responder do servizo de escolas musicais 2012-2013 á empresa Barbatana SL.

15.04.14.- Reintegro da cantidade de 3 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado de gastos da copia de tres chaves.

15.04.14.- Reintegro da cantidade de 105,96 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado de trámites no Rexistro da Propiedade.

15.04.14.- Denegación da devolución do aval bancario relativo á urbanización do sector de solo urbanizable do PXOM de Brión, denominado Monte Balado.

15.04.14.- Requirimento de limpeza de finca a un veciño no Enxo.

16.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

16.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.134,54 euros (cota mancomunidade Serra do Barbanza febreiro 2014).

16.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de asistencia ás sesións dos concelleiros no 1º trimestre por importe de 2.010 €.

16.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades do gasto derivado dos premios do desfile de Entroido 2014 por importe de 1.975 €.

22.04.14.- Concesión axuda emerxencia social a unha veciña.

23.04.14.- Aprobación da documentación complementaria requirida pola Deputación da Coruña do proxecto de obras: mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión: Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanín, A Graña.

- 23.04.14.- Aprobación da documentación complementaria requirida pola Deputación da Coruña do proxecto de obras: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales.
- 23.04.14.- Aprobación da documentación complementaria requirida pola Deputación da Coruña do proxecto de obras: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.
- 23.04.14.- Aprobación da documentación complementaria requirida pola Deputación da Coruña do proxecto: obras de mellora na Praza do Concello.
- 24.04.14.- Convocatoria Comisións e Pleno a celebrar o 29 de abril.
- 25.04.14.- Incoación de expediente de reposición da legalidade en relación coa instalación de peches nun camiño na aldea de Busto de Frades.
- 25.04.14.- Adxudicación á empresa Cepsa Comercial Noroeste S.L., da execución do contrato de subministro de gasóleo A e gasóleo C.
- 25.04.14.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de marzo.
- 25.04.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención de fomento do emprego a través dos programas de cooperación (limpeza e mantemento de parques infantís Brión 2013).
- 25.04.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención de fomento do emprego a través dos programas de cooperación (limpeza de aldeas).
- 28.04.14.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 29 de abril de 2014.
- 28.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 15.908,89 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).
- 28.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 17.096,42 euros (Gas Natural Sur SDG, S.A).
- 28.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 96.331,39 euros (facturas varias).
- 28.04.14.- Embargo da débeda notificada polo recadador da zona 3 da Deputación Provincial, a un traballador polo importe de 102,01 €.
- 28.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.273,49 euros (Telefónica España).
- 29.04.14.- Corrección dun erro na conta xustificativa do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013.
- 29.04.14.- Aprobación da conta xustificativa da subvención do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Brión desde o 19.08.2013 ata o 04.12.2013.
- 29.04.14.- Resolución de recurso de reposición en materia de tráfico.
- 29.04.14.- Ingreso de 109,71€ a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a unha traballadora.
- 29.04.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.
- 29.04.14.- Pago de nóminas do mes de abril.
- 29.04.14.- Recoñecemento de trienios a 4 laborais.
- 30.04.14.- Altas no padrón de habitantes do mes abril.
- 30.04.14.- Baixas no padrón de habitantes do mes abril.

30.04.14.- Reintegro da cantidade de 7,28 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado de copia de sete chaves.

30.04.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 420,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade viaxe da terceira idade ao Algarve.

30.04.14.- Solicitud de subvención para a execución de infraestruturas de uso público destinadas aos concellos de Galicia do ano 2014 para o proxecto: instalación de pavimento continuo no parque infantil da urbanización Agro Novo.

02.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 476,56 euros (Telefónica Móviles).

05.05.14.- Nomeamento temporal dunha funcionaria no posto de auxiliar tesoureiro recadador durante a baixa da titular.

06.05.14.- Outorgar unha subvención á Asociación Festa do Cabalo por importe de 1.200 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención á Asociación de Mulleres Xuntanza por importe de 1.800 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención ao Club de Fútbol Bastavales Unión Deportiva por importe de 6.300 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención ao Club de Fútbol Sociedade Deportiva Luaña por importe de 2.000 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención ao IES DE BRIÓN por importe de 2.000 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención ao CEIP DE PEDROUZOS por importe de 3.000 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención ao Club de Fútbol Sociedade Deportiva Brión por importe de 4.900 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención á Asociación Banda de Música Municipal de Brión por importe de 3.300 €

06.05.14.- Outorgar unha subvención á Asociación de Caza Altamira por importe de 2.200 €

06.05.14.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de abril.

06.05.14.- Aprobar o inicio de expediente para a contratación de persoal laboral temporal, dun condutor de camiión (oficial III) e un peón de obra (oficial IV).

07.05.14.- Desistimento de solicitude de responsabilidade patrimonial por non ter cumprimentado en prazo o requirimento municipal de subsanación de deficiencias.

07.05.14.- Aprobar a liquidación de taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de abril de 2014.

07.05.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de abril de 2014.

07.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

08.05.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de subministro de materiais para o proxecto de obras: Mantemento de estradas Brión.

08.05.14.- Renovación dunha licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a un veciño.

08.05.14.- Renovación dunha licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a unha veciña.

08.05.14.- Aprobación da liquidación de taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondente ao mes de maio de 2014.

09.05.14.- Aprobación de alta de recibos para a súa posterior incorporación ao padrón do lixo de 2014.

09.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.164,30 euros (cota marzo Mancomunidade Serra do Barbanza).

09.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención da Deputación da actuación: obras de reparación dos vestiarios das instalacións de piragüismo en Ons.

09.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención da Deputación para actividades culturais 2013.

09.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención da Deputación para escolas deportivas 2013.

09.05.14.- Estimación da alegación contra o padrón de recollida de lixo feita por unha veciña.

12.05.14.- Aprobación do expediente de contratación para o subministro de materiais do proxecto: mantemento de estradas en Brión.

13.05.14.- Autorización para celebrar o día 18 de maio de 2014 os festexos de San Isidro no lugar de Soigrex - Os Ánxeles.

13.05.14.- Non inclusión no padrón do lixo 2014 de varios recibos por peches de actividade e baixas do subministro de auga.

13.05.14.- Solicitud de subvención para a promoción do uso da lingua galega.

14.05.14.- Inicio de expediente para a execución das obras do POS 2014 polo sistema de administración.

14.05.14.- Aprobación da matrícula de contribuíntes da taxa pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares do exercicio 2013.

14.05.14.- Ratificación da proposta de adxudicación de prazas para a Escola Infantil Municipal.

15.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 8.682,15 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

15.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 9.171,97 euros (Gas Natural Sur SDG, S.A).

15.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 48.707,26 euros (facturas varias).

15.05.14.- Resolución de recurso de reposición en materia de tráfico.

15.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 5.550 euros (gastos funcionamento dos grupos políticos municipais do 01.07.2013 ata o 31.12.2013).

16.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 115,90 euros (gastos desprazamento dos voluntarios durante o ano 2013).

19.05.14.- Aprobar definitivamente o padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2014.

19.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

20.05.14.- Desistimento de solicitude de licenza de primeira ocupación por non ter cumprimentado o requirimento municipal de subsanación de deficiencias no prazo.

20.05.14.- Cambio de titulares no padrón de recollida do lixo do ano 2014.

20.05.14.- Aprobar a solicitude de subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2014 para a execución da obra: ampliación da rede municipal de abastecemento e saneamento en San Salvador.

20.05.14.- Resolución de inicio procedemento sancionador de tráfico.

21.05.14.- Estimación da solicitude de baixa do imposto sobre construcións, instalacións e obras da licenza para reparar a cuberta dunha vivenda sita en Brión de Abaixo por renuncia expresa da licenza.

21.05.14.- Estimación da solicitude de baixa do imposto sobre construcións, instalacións e obras da licenza para reparar a cuberta dun galpón sito no Rial por renuncia expresa da licenza.

21.05.14.- Estimación da solicitude de baixa do imposto sobre construcións, instalacións e obras da licenza para reparar a cobertura dunha vivenda no lugar de Cirro por renuncia expresa da licenza.

21.05.14.- Estimación da solicitude de baixa do imposto sobre construcións, instalacións e obras da licenza para a demolición e construción dun novo galpón no lugar de Cirro por renuncia expresa da licenza.

21.05.14.- Estimación da solicitude de baixa do imposto sobre construcións, instalacións e obras da licenza para a instalación dun invernadoiro en Sabaxáns por renuncia expresa da licenza.

21.05.14.- Confirmación de solicitudes presentadas para participar en actividades para a terceira idade durante o curso 2013-2014.

21.05.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 8,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.

21.05.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 8,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.

21.05.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 8,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.

21.05.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 8,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.

23.05.14.- Aceptación dunha reclamación do recibo da taxa do lixo 2014.

23.05.14.- Aprobación da certificación da obra: do proxecto de mellora e mantemento de camiños rurais no Concello de Brión, por importe de: 50.003,13 euros, IVE incluído.

23.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención da Deputación para: actividades de conciliación e responsabilidade compartida.

23.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención da Deputación para a realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores no ano 2013.

23.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención para o mantemento da escola infantil municipal 2013.

23.05.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención para Escola Municipal de Música Magariños 2013.

26.05.14.- Aceptación dunha reclamación do recibo da taxa do lixo 2014.

26.05.14.- Desestimación dunha reclamación do recibo da taxa do lixo 2014.

28.05.14.- Aprobación inicial do padrón do lixo 2014.

28.05.14.- Corrección dun erro detectado na solicitude de subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2014, por importe de 24,14 €.

28.05.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do servizo de limpeza no edificio da Casa do Concello, Centro de Saúde e Centro Social Polivalente.

28.05.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.280,70 euros (Telefónica España).

28.05.14.- Resolución das alegacións presentadas á lista provisional de admitidos e excluídos no servizo de escola infantil municipal para o curso 2014-2015.

28.05.14.- Baixa no padrón de habitantes dun veciño.

28.05.14.- Adxudicación de horas dispoñibles no servizo de axuda no fogar.

28.05.14.- Pago de nóminas do mes de maio.

28.05.14.- Recoñecemento dun trienio a un traballador.

28.05.14.- Pago de gratificacións a un funcionario.

28.05.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.05.14.- Contratación do servizo de substitución dunha traballadora na escola infantil municipal durante o mes de xuño á empresa Sociser.

30.05.14.- Baixa no padrón de habitantes dun veciño.

02.06.14.- Aprobación das bases de selección para a contratación laboral temporal dun/ha educador/a infantil por baixa por incapacidade laboral temporal/maternidade.

02.06.14.- Altas no padrón de habitantes do mes maio.

02.06.14.- Baixas no padrón de habitantes do mes maio.

02.06.14.- Aprobación do expediente de contratación do servizo de limpeza no edificio da Casa do Concello, Centro de Saúde e no Centro Social Polivalente de Brión.

02.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 396,85 euros (Telefónica Móviles España).

02.06.14.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 3 de xuño.

03.06.14.- Aprobación de expediente de modificación de créditos MC 2/2014.

04.06.14.- Adxudicación á empresa Repsol Lubricantes y Especialidades S.A. o contrato de: suministro de materiais (emulsión asfáltica) da obra de: proxecto de mantemento de estradas de Brión.

05.06.14.- Aprobar o proxecto refundido: obras de mellora na Praza do Concello.

05.06.14.- Aprobar o proxecto refundido: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales.

05.06.14.- Aprobar o proxecto refundido: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

05.06.14.- Aprobar o proxecto refundido: mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión.

05.06.14.- Inicio expediente de limpeza en Ons.

05.06.14.- Inicio expediente de limpeza en Souto.

05.06.14.- Inicio expediente de limpeza en Rúa Inxerido.

05.06.14.- Solicitud de subvención para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude 2014.

05.06.14.- Autorización de comisións de servizos e designación de voluntarios para a actividade: excursión da terceira idade a costa da morte.

05.06.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondente ao mes de xuño de 2014.

05.06.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de maio de 2014.

05.06.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia municipal a un veciño.

05.06.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de maio de 2014.

06.06.14.- Solicitud dunha cuarta oferta para a licitación do servizo de limpeza no edificio da Casa do Concello, Centro de Saúde e no Centro Social Polivalente de Brión.

06.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 964,73 euros (Espina y Delfín SL).

06.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

06.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.134,21 euros (Mapfre Familiar, S.A).

09.06.14.- Interposición de recurso de casación ante o Tribunal Supremo contra a sentenza sobre a reparación de danos no edificio do antigo IES de Esparís.

09.06.14.- Baixa dun veciño no servizo de axuda a domicilio.

09.06.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 18.562,74 euros (facturas varias).

10.06.14.- Aprobación da liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xuño.

10.06.14.- Adxudicar á empresa Barbatana SL o contrato menor de xestión da piscina de Bastavales durante o verán 2014.

10.06.14.- Resolución inicio procedemento sancionador de tráfico.

11.06.14.- Modificación da resolución do 30.05.2014 relativa á contratación dunha empresa para a substitución dunha traballadora na gardería.

11.06.14. Modificación do proxecto para o obradoiro de emprego “Entre Ríos” en colaboración co Concello de Ames, e designación de compoñentes do grupo de traballo do Concello, a requirimento da consellería.

11.06.14.- Aprobación de lista de beneficiarios para a distribución de alimentos da campaña: Brión solidario.

12.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 28,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á costa da morte.

12.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 28,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á costa da morte.

12.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 28,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á costa da morte.

12.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 28,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á costa da morte.

12.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 28,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á costa da morte.

12.06.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 28,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola excursión da terceira idade á costa da morte.

13.06.14.- Convocatoria de Comisións e Pleno a celebrar o 18 de xuño.

O Pleno toma coñecemento.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 22 de maio de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 17 de xuño de 2014, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2013 a abril de 2014, que é do 0,4%, polo que a actualización das tarifas será polo 0,34 %.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos do Pleno do 20.10.2010, publicado no BOP do 13.12.2010; do 03.11.2011, publicado no BOP do 22.12.2011; e do 19.06.2013, publicado no BOP do 12.08.2013, nos seguintes termos:

1.1 -. Se modifican as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servicio de saneamento	0,096189 €/ m ³
Servicio de depuración	0,207564 €/ m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servicio de saneamento	0,096189 €/ m ³
Servicio de depuración	0,207564 €/ m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	0,961904 €/abo. mes
Depuración	2,075640 €/abo. mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servicio de saneamento	0,096189 €/ m ³
Servicio de depuración	0,207564 €/ m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	354,79 €/ud
Zanxa en asfalto	396,04 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	444,94 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 1º TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta dos informes de Intervención e Tesourería sinalados correspondentes ao 1º trimestre de 2014 que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non existindo ningunha factura pendente de recoñecer.

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e pola Tesourería municipais do 1º trimestre de 2014, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao primeiro trimestre de 2014, que xa foi remitido con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, informándose que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno toma coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, relativa á execución ao primeiro trimestre do 2014.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL (2013) DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do plan de saneamento de data 10 de xuño de 2014, que conclúe: Á vista do exposto anteriormente, respecto das medidas adoptadas para o incremento dos ingresos e a redución de gastos, e vistos os resultados da liquidación do exercicio 2013, esta Intervención considera que se teñen adoptado as medidas para o incremento de ingresos recollidas no plan de saneamento aprobado. Non obstante, e á vista dos resultados que arroxa a liquidación do orzamento en materia de gastos esta Intervención considera acreditado que se adoptaron suficientes medidas para a contención do gasto (a 01.01.2013 quedaban obrigacións pendentes de recoñecer por importe de 21.903,36 euros, mentres que a 31.12.2013 o importe era 0 euros). Por todo elo se informa favorablemente respecto ao cumprimento anual do plan de saneamento aprobado.

O Pleno toma coñecemento, debendo remitirse ao Ministerio de Facenda por transmisión electrónica nos modelos habilitados para tal fin, incorporando a sinatura electrónica da Interventora municipal.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN RELACIONADO COA MEDICIÓN E CONTROL DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS EN ACTIVIDADES SOMETIDAS A LICENZA DE APERTURA OU Á PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 5 de xuño de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 17 de xuño de 2014, que transcrita di:

Co obxecto de proceder ao establecemento dunha taxa pola prestación do servizo municipal de medición e control de ruídos e vibracións en locais e establecementos como consecuencia da entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que establece que nas licenzas de apertura e comunicacións previas debe quedar acreditado o cumprimento da normativa en materia de ruídos, entre outras normativas sectoriais, confeccionouse unha ordenanza fiscal.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de prestar este servizo, que é un servizo competencia propia do Concello consonte co establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, que se prestará en principio mediante empresas externas especializadas posto que o Concello carece dos medios materiais e humanos necesarios para prestar o servizo, servizo que o Concello ten a obriga de prestar por lei e que cada vez máis está a ser demandado polos veciños por mor de molestias que se poden xerar polos establecementos, polo que pode financiarse mediante taxa, como fan outros concellos.

Vistos o informe técnico do arquitecto municipal, o informe xurídico de Secretaría e o informe técnico - económico de Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de inspección relacionado coa medición e control de ruídos e vibracións en actividades sometidas a licenza de apertura ou á presentación de declaración responsable ou comunicación previa, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN RELACIONADO COA MEDICIÓN E CONTROL DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS EN ACTIVIDADES SOMETIDAS A LICENZA DE APERTURA OU Á PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA.

ARTIGO 1. OBXECTO.

En exercicio da facultade conferida nos art. 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 57 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e de conformidade co determinado nos art. 15 a 19 da sinalada Lei de facendas locais, se establece neste concello a " Taxa pola prestación do servizo de inspección relacionado coa medición e control de ruídos e vibracións en actividades sometidas a licenza de apertura ou á presentación de declaración responsable ou comunicación previa", ben se efectúe o mesmo a través dos servizos municipais como a través de empresas privadas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación polos servizos municipais, ben directamente ou a través de empresa privada, do servizo de inspección consistente na medición de ruídos en locais ou establecementos públicos co obxecto de verificar o cumprimento por estes da normativa vixente en cada momento sobre control de ruídos e vibracións.

ARTIGO 3. OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

A obriga de contribuír nace coa prestación do servizo de control/inspección de ruídos en locais e establecementos, e prodúcese coa efectiva realización da medición polo Concello, ben directamente ou a través de empresa privada.

ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades do art. 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a actividade administrativa cuxa realización constitúe o feito imponible do tributo, en concreto:

a) O denunciante, se logo da prestación do servizo de medicións de ruídos efectuados, non pode acreditarse un incumprimento por parte do denunciado, da normativa de ruídos que resulta de aplicación.

b) O denunciado, entendendo por tal ao titular da licenza ou o a quen tivese presentado a declaración responsable ou comunicación previa, ou no seu defecto a quen exerza efectivamente a actividade, aínda que non dispoña da pertinente licenza ou autorización para elo, ou non tivera presentado a declaración responsable ou comunicación previa, en relación co establecemento que fora sido obxecto da prestación do servizo de medicións de ruídos efectuados, si se acredita un incumprimento da normativa de ruídos que resulta de aplicación.

c) No caso de que se preste o servizo de medicións de ruídos, de oficio, será suxeito pasivo da taxa, en concepto de contribuínte, o denunciado, entendendo por tal ao titular da licenza do establecemento que fora obxecto da prestación do servizo efectuado, si se acredita un incumprimento da normativa de ruídos que resulta de aplicación.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E COTA.

1. A base imponible queda establecida na seguinte tarifa atendendo á natureza dos servizos prestados.

Tarifa:

1.	Medición de niveis sonoros xerados por maquinaria. As taxas indicadas anteriormente entenderanse mínimas debendo incrementarse, no caso de ruído de maquinaria e outros equipos ruidosos, agás aparatos de reprodución musical, por cada elemento adicional a medir ou no caso de que exista máis de un punto de medición.	300,00 € 60,00 €
2.	Medición e limitación de niveis sonoros producidos por equipos de	400,00 €

	reproducción musical e/ou audiovisuais.	
3.	Medición de illamento de locais a ruído aéreo. No caso de equipos de música e illamentos de locais incrementaranse as taxas nun 50% por cada punto adicional de medición.	550,00 €
4.	Medición do illamento a ruído de impacto. No caso de illamentos a ruído de impacto, incrementárase nun 50% por cada punto adicional de medición.	500,00 €
5.	Comprobación de niveis de contaminación acústica producidos por instalacións afectas a locais de actividades, servizos ou comunidades veciñais, instaladas na vía pública ou espazos abertos.	450,00 €

2. Os importes establecidos veranse incrementados co IVE correspondente.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Previa á concesión de licenza de apertura ou reapertura de establecementos suxeitos á mesma consonte co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e normativa que a desenvolva, ou autorización de declaracións responsables ou comunicacións previas, o titular das mesmas deberá achegar informe emitido por técnico competente que acredite o cumprimento da normativa en materia de control de ruídos.

2. Non será esixible o informe sinalado no apartado anterior naquelas licenzas de reapertura ou comunicacións previas nas que se emitira o mesmo en exercicios anteriores e non se produciran modificacións, obras ou alteracións nos elementos xeradores de ruídos ou na configuración física do local, sen prexuízo do cal polo Concello se poderán efectuar cantas inspeccións se entendan oportunas para garantir o cumprimento da normativa de control de ruídos.

3. A presente ordenanza ten carácter exclusivamente fiscal e a súa aplicación non exclúe do cumprimento de todas aquelas obrigas que, en materia de apertura ou traspaso de locais e establecementos de actividades, veñan impostas pola normativa municipal ou sectorial que resulte de aplicación.

4. Realizado o servizo procederase á liquidación da taxa correspondente polo servizo de medición.

ARTIGO 7. DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

9º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

1) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE A SITUACIÓN DO POSTO DE MATRONA DO CONCELLO.

Dada conta da moción sinalada de data 6 de xuño de 2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 2539, do 9 de xuño de 2014, que transcrita di:

Como consecuencia da xubilación da matrona deste concello que prestaba servizo no centro de saúde de Brión, este Concello quedou sen este servizo permanente, substituíndose pola Consellería de Sanidade a prestación do mesmo mediante a presenza dous días á semana dunha matrona procedente do centro de saúde do Milladoiro (Ames). Esta matrona pasa consulta en Brión os martes e xoves durante dúas horas.

Por esta alcaldía se considera impresentable pretender obrigar ás mulleres de Brión a pasar consulta no Milladoiro por culpa dos recortes que se están a levar a cabo pola Xunta de Galicia en todos os ámbitos.

Resulta impropio do século no que nos atopamos pretender obrigar ás mulleres deste Concello en idade fértil, cuxo número é de 1.533 aproximadamente, a ter un servizo de mínimos durante a semana e ter o resto da semana que desprazarse ata o Milladoiro para recibir unha asistencia digna.

Coa solución ideada pola Consellería de Sanidade non só non se da solución ao problema neste Concello, senón que ademais incrementa o problema posto que as mulleres do Milladoiro quedan cun servizo tamén moi precario.

Considerando que non é posible seguir coa política de recortes nunha materia tan sensible como é a asistencia sanitaria, que fainos retroceder á situación de hai moitos anos, e que a pesar do pequeno aforro económico que poida supoñer, supón un enorme prexuízo para as veciñas deste Concello, polo que supón de perda dos dereitos adquiridos ao longo de anos, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Consellería de Sanidade para que proceda á cobertura da praza de matrona deste Concello de Brión con carácter urxente, de xeito que o servizo ás veciñas deste Concello se preste nas mesmas condicións que se estaba a prestar con anterioridade á xubilación da titular da praza.

2º) Poñer este acordo en coñecemento do Concello de Ames, tamén afectado pola medida, para a adopción das medidas conxuntas de reivindicación ante á Consellería de Sanidade.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que xa é coñecida a situación na que se atopa este posto de matrona e que se explica na moción.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que o grupo popular cree que se deben organizar os servizos, pero sen deixar de prestar os servizos básicos á cidadanía, e con esta medida se deixa as mulleres de Brión desatendidas, todas as mulleres temos os mesmos dereitos, e imos aprobala e que se faga conxuntamente con Ames para que a consellería cambie de opinión.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que estou de acordo coa moción, e que a situación é un reflexo da política de recortes do PP.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

2) MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA.

Dada conta da moción sinalada de data 17 de xuño de 2014, que transcrita di:

A Asemblea Xeral da Mancomunidade de Concellos " Serra do Barbanza " na súa sesión do 26 de marzo de 2014, aprobou a modificación do artigo 2 dos seus estatutos, quedando redactado nos seguintes termos segundo se desprende da certificación do acordo adoptado:

"" Artigo 2. Fin da Mancomunidade.

Establécese como fin da Mancomunidade a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos. A Mancomunidade poderá, no futuro, asumir outras finalidades, debendo modificar para isto os presentes Estatutos conforme ó procedemento previsto no art.19.""

Resultando que este acordo foi adoptado pola necesidade de adaptar os estatutos ao establecido na Disposición Transitoria 11^a da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Resultando que segundo se desprende do expediente rematou o prazo de exposición pública sen que se presentase ningunha alegación procede segundo o disposto no art. 143.1.c. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a aprobación da modificación dos estatutos polos plenos dos concellos mancomunados, que requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das corporacións.

Resultando urxente aprobar a modificación posto que con data 30.06.2014 remata o prazo establecido legalmente.

Visto o informe de secretaría do 17.06.2014, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a seguinte modificación dos estatutos da Mancomunidade de Concellos " Serra do Barbanza ", que foi aprobada con anterioridade pola Asemblea Xeral da mesma con data 26.03.2014, e que ten o seguinte contido:

"" Artigo 2. Fin da Mancomunidade.

Establécese como fin da Mancomunidade a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos. A Mancomunidade poderá, no futuro, asumir outras finalidades, debendo modificar para isto os presentes Estatutos conforme ó procedemento previsto no art.19.””

2º) Remitir certificación deste acordo ao Presidente da Mancomunidade para que o remita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia e para comunicarlo á Administración central do Estado para os efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local, consonte co disposto no art. 143.1 d. da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

3) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (BNG) PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.

Dada conta da moción sinalada de data 13 de xuño de 2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 2666, do 17 de xuño de 2014, que transcrita di:

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do Xefe do Estado español, o Rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político e onde poidamos decidir si seguimos co réxime monárquico ou adoptamos un novo réxime baixo unha fórmula republicana.

Nos últimos anos assistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituinte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o actual Rei foi nomeado por Franco, pasando por riba da lei hereditaria, porque lle correspondía ao seu pai; en trinta anos tivo momentos escuros e brillantes e agora remata; hoxe cambiou a sociedade, houbo escándalos familiares e tamén entraron en crise outras institucións, así por exemplo, a xustiza, o modelo territorial, o reparto municipal de competencias, a existencia da nacións sen Estado no territorio español, as institucións financeiras, o Banco de España, e tamén polo que parece o sistema de partidos tradicionais, por iso agora co cambio de monarca plantéxase o problema do sistema de goberno e se debora entrar neste cambio, é dicir se queremos unha monarquía ou unha república, isto é, preguntarlle á xente, isto sempre é bo, na moción se pide que se poñan en funcionamento os mecanismos necesarios para que a reforma ou o cambio se efectúese.

O Sr. Alcalde sinala que sentíndoo moito temos que votar en contra, seguramente máis polo preámbulo que polo fin, no que probablemente esteamos de acordo, e por iso posteriormente presentaremos unha moción alternativa; non podemos admitir o de pola graza de Deus porque é un réxime establecido polo pobo español e pola Constitución Española, non podemos admitir o de que non ten cabida ningún rei, iso debe dicilo o pobo español, e tampouco podemos admitir o que se pide respecto da autodeterminación dos pobos, independentemente de que non sexa este o lugar axeitado para discutir o modelo de convivencia española, aínda que tampouco temos porqué ocultarmos.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que comparto as palabras do Sr. Alcalde, engadindo que somos cidadáns e somos políticos e como política teño que ser constitucionalista, nin monárquica nin republicana, e como políticos debemos ter lealdade ao monarca como llela teríamos ao presidente da república, iso que di vostede do dereito a decidir dos pobos, ¿de que pobos fala vostede? , atribuírse os pobos cando a un lle da a gana é cando menos peculiar, eu non vexo que a maioría pida iso, aínda que si as minorías que encabezan partidos aos que non lles interesa España.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que xa sei o que pensa o PP; engade que non hai nada intocable, que todo pode cambiarse, plantéxase que a xente opine, as cousas se consensuan, a sociedade opina, aquí non deben existir normas divinas intocables.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que mañá o Parlamento refrenda o nomeamento de Felipe VI, non entendo onde está o problema.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 1, pertencente ao grupo municipal MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

4) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE A REFORMA CONSTITUCIONAL.

Dada conta da moción sinalada que transcrita di:

A recente abdicación do Xefe do Estado e a posta en marcha dos mecanismos institucionais previstos para a sucesión á Coroa abriron un intenso debate social, institucional e cívico sobre a continuidade ou non da monarquía parlamentaria e sobre a necesidade de que os cidadáns definan, de novo, o modelo de Estado para as próximas décadas.

É certo que estamos ante un Pleno municipal e que o modelo de convivencia no Estado e a Xefatura do mesmo son asuntos tratados noutros ámbitos institucionais, pero non o é menos que o salón de plenos municipal é a casa de todos os cidadáns e cidadás e que o momento, a transcendencia do mesmo, e o camiño a seguir no futuro, esixen manifestar con responsabilidade e claridade a nosa opinión.

A actual Constitución Española foi aprobada polas Cortes o 21 de xullo de 1978 tras ano e medio de negociacións. O resultado da votación arroxou unha abafadora maioría: 258 votos a favor, 14 abstencións (Alianza Popular e ERC), 2 en contra (EE e un deputado de Alianza Popular) e abandonando o hemiciclo os oito deputados do PNV.

Dous meses antes, o 11 de maio, a Comisión Constitucional aprobaba o artigo primeiro que establecía a monarquía parlamentaria como forma política do Estado. Esta aprobación facíase coa abstención do PSOE, que a través do deputado Gómez Llorente presentou un voto particular defendendo a república. Non entanto, como afirmou o deputado na súa brillante intervención, o Partido Socialista aceptaba o texto constitucional consciente da transcendencia do momento e a condición de que a monarquía fose compatible coa democracia e "aséntese e se imbrique como peza dunha Constitución que sexa susceptible dun uso alternativo polo goberno de dereita ou de esquerda que o pobo determine a través do voto e que viabilice a autonomía das nacionalidades e as rexións diferenciadas".

Finalmente, a Constitución era aprobada en referéndum o 6 de decembro, co 87,87% dos votos nunha convocatoria na que se abstinvo o 32,8% do censo. A actual Constitución e o consenso político e cidadán en torno ao mesmo permitiron, desde aquel día, contar co período de liberdade e democracia máis longo da nosa historia. Os 38 anos que pasaron supuxeron o desenvolvemento de sistemas públicos de dereitos antes inéditos e dunha arquitectura institucional na que as autonomías cobraron especial protagonismo.

Os socialistas estivemos e estamos comprometidos con aquel consenso ao redor da Constitución Española, pero somos tamén conscientes do momento que vivimos e dos retos que han de asumir as xeracións presentes e futuras. Hoxe, no medio dunha crise económica e social de envergadura descoñecida, unha parte daqueles sistemas públicos que formaron parte central do noso acordo constitucional vense desmantelados por políticas que en nada respectan o consenso do 78. O desenvolvemento das Comunidades Autónomas e o mantemento intacto das restantes institucións esixen hoxe un replanteamento do Estado en todas as súas liñas para adecuar o mapa institucional á realidade e para facelo sobre un novo acordo político e cidadán. As tensións territoriais e, en concreto, o desafío secesionista que manteñen hoxe as institucións catalás esixen algo máis que estratexias políticas de curto alcance.

Finalmente, os cidadáns apelan hoxe á participación nas institucións, a opinar, a decidir, a ser tidos en conta e ser consultados nas circunstancias máis diversas. Unha maioría do noso país non tivo a oportunidade no seu día de participar no referéndum nin no referendo constitucional. É obvio que a complexidade do momento, a pluralidade política ao longo destes anos, a madurez democrática da nosa sociedade e a envergadura dos problemas actuais, esixen situar as respostas no ámbito dun novo consenso constitucional, dun novo acordo para a convivencia colectiva.

Durante o último ano, o PSOE propuxo en varias ocasións a necesidade de iniciar un proceso de reforma da Constitución Española. Somos conscientes de que ese proceso non admite improvisacións e esixe xenerosidade política, formulacións rigorosas e participación do conxunto dos cidadáns. Creemos que a maioría dos elementos que permitiron o consenso histórico do 78 seguen vixentes pero pensamos tamén que é imprescindible renovar, desde o debate, o acordo e o referendo cidadán, un acordo desta natureza e que nese debate, acordo e referendo deben incluírse tamén a forma de Estado.

Por todo iso, o grupo municipal socialista presenta a seguinte moción:

1º) O Pleno municipal acorda enviar ás Cortes Xerais e ao conxunto das forzas políticas parlamentarias a proposta de iniciar un proceso de reforma constitucional, no marco das previsións do propio texto, que alcance á arquitectura institucional (Senado, deputacións, mapa local...), ós acordos territoriais e á blindaxe dos dereitos sociais.

2º) A reforma e o consenso constitucional deben alcanzar, así mesmo, a forma de Estado recollido no artigo primeiro do actual texto constitucional.

3º) Tal e como está previsto, o proceso de acordo debe ser refrendado polos cidadáns nun referéndum.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que comparto tamén a parte final, engadindo que a Constitución de 1978 foi positiva pero ten partes grises que nos levan a plantexar a súa reforma, que en tema de dereitos sociais supuxo un avance, pero non en temas territoriais, así nas relacións Estado e dereitos históricos, e agora temos os problemas que temos, e que isto forza a súa reformulación, do que haxa que reformular, que a parte relatoria que vostede presenta na exposición non a comparto, e que habería que facer un correcto reparto de culpas, que habería que facer unha reformulación profunda e eu vou absterme pola parte expositiva porque non me convence.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que imos votar en contra porque non percibimos o amplo debate social e cívico que dixo vostede, correspóndelle ao Parlamento non a nós, e que se hai que facer unha reforma da Constitución de 1978 debe facerse no Parlamento e como sempre en democracia que ganen as maiorías.

O Sr. Alcalde sinala que xa falamos que non é o sitio para arranxar isto, pero podemos falar do que queiramos e que debate social hai, é evidente.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal MIXTO (BNG)(1).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

5) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (BNG) PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA.

Dada conta da moción sinalada de data 14 de xuño de 2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 2667, do 17 de xuño de 2014, que transcrita di:

No último informe remitido polo Valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: "Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de

Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia."

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de inclusión de Galiza recolle o seguinte:

"Artigo 37. Resolución.

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver."

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos da pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente que se cumpra a Lei de inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante a crise, converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Brión adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2º) Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que en resumo hai problemas coa RISGA, retrasos tremendos, isto si que é a realidade, e pedimos por favor á Xunta de Galicia que cumpra a súa propia lei que establece dous meses e está a facelo en seis ou oito meses.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que encántame que diga con tanto énfase o de cumprir a lei, que parece que só o temos que facer os do PP, que por suposto que si o facemos, engadindo que votaremos a favor, porque sabemos facer autocrítica, e que tamén hai que dicir que os problemas son nosos pero outros os deixaron de herdanza e coas facturas nos caixóns, e que os temas que se refiren ás necesidades das persoas son moi serios e imos votar a favor.

O Sr. Alcalde sinala que hoxe ven no xornal que a Xunta vai comprar coches por 1.000.000 de euros e ten os outros que dixo que ía vender alí, sen usar.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que eu non dixen que iso estivera ben.

O Sr. Alcalde sinala que as axudas sociais da Xunta de Galicia destinadas a cubrir necesidades básicas da poboación están a ser retrasadas e recortadas, e esta tendencia no Concello de Brión é visible para os profesionais dos servizos sociais, nas seguintes catro tendencias:

- O retraso por parte da Xunta na instrución do expediente, a través de requirimentos repetitivos e tardíos.

- A obriga de declaración de rendas familiares cos que os solicitantes non manteñen ningún tipo de relación ou manteñen directamente unha mala relación.

- A denegación de expedientes con razoamentos faltos de toda lóxica e que parecen ter como único fin forzar á presentación de recursos, así por exemplo denegar o salario social a unha familia con catro menores e unha renda per cápita mensual de pouco máis de 13 euros.

- O retraso das resolucións aprobatorias tras os recursos, recoñecéndose abertamente por parte do persoal da Consellería de Traballo que non hai cartos para pagar os atrasos xerados pola tardanza na resolución, así por exemplo en Brión o expediente máis antigo sen contestar, e xa con trámite de recurso realizado, data de abril de 2013, xerando a día de hoxe uns atrasos que superan os 4.000 euros. Na práctica é como dicir que unha familia que carece de ingresos para cubrir necesidades básicas desde hai mais dun ano, tenlle prestados máis de 4.000 euros á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Sociais.

Remata o Sr. Alcalde sinalando que por todo iso votaremos a favor da moción.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

6) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN DE PORTAVOZ.

A portavoz suplente do grupo municipal do PP Srª. Vázquez García sinala que logo da reorganización do mesmo como consecuencia da toma de posesión dos novos concelleiros, acordouse polo grupo designar portavoz titular a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA, e portavoz suplente a RAMÓN CARRO OTERO.

O Pleno toma coñecemento.

7) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN DE COMPOÑENTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que logo da reorganización do mesmo como consecuencia da toma de posesión dos novos concelleiros, designamos como compositores das comisións informativa ás seguintes persoas:

1-. Comisión Informativa Especial de Contas:

Titulares: MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA e BEATRIZ CASTRO REY.

Suplentes: SATURNINO ABETE REDONDO e RAMÓN CARRO OTERO.

2.- Comisión Informativa de Servizos:

Titulares: SATURNINO ABETE REDONDO e RAMÓN CARRO OTERO.

Suplentes: MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA e BEATRIZ CASTRO REY.

O Pleno toma coñecemento das adscricións realizadas polo grupo municipal do PP.

8) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

A Sr^a. Concelleira Vázquez García sinala que logo da reorganización do mesmo como consecuencia da toma de posesión dos novos concelleiros, propoñen designar como representante do grupo municipal do PP na Asemblea da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA, que substitúe á ex concelleira María del Mar Cobas Cajuso.

O Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobar a designación realizada polo grupo municipal do PP nos seus propios termos.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal Mixto (BNG):

1. 1. Veciños/as do lugar de Busto de Frades, na parroquia de Cornanda, téñenme feito chegar o seu malestar e preocupación por unha Resolución da Alcaldía do 25 de abril de 2014 en relación a un camiño no lugar de Busto de Frades. Dita resolución determina que, despois de visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 10 de abril, se "acorda incoar expediente de reposición da legalidade nun camiño na aldea de Busto de Frades, realizados sen contar coa licenza urbanística municipal e se lle advirte que toda infracción urbanística conleva a imposición de sanción aos responsables, así como a obrigaón de resarcimento dos danos e indemnización dos prexuízos a cargo dos mesmos, ademais da reposición da legalidade urbanística."

Con data do 20 de maio de 2014 un dos afectados, D. Divino Miguéns Carnota presenta un escrito no rexistro de entrada do Concello, nº 2244 no que manifesta e documenta que tal camiño xa era de serventía desde tempos inmemoriais, no que xa viñan existindo diversas portelas para pechar os accesos aos predios polo que tales portelas non son en si mesmo un peche propiamente dito nin de recente construción.

Na mesma data, 20 de maio, e con rexistro de entrada no Concello nº 2243 un grupo de 11 veciños e veciñas do lugar presentan un escrito insistindo nas características do camiño, o seu uso privado e no emprego tradicional das chamadas portelas para acceder ás leiras.

Este concelleiro puido comprobar "in situ" que isto é certo e mesmo aínda quedan nos vellos muros as pedras onde se encoraban as portelas, tamén e nas escrituras de propiedade do ano 1973 se facía referencia a este camiño privado e as súas portelas.

Este concelleiro quere saber en que situación se atopa o expediente, se os servizos técnicos do Concello teñen estudado e valorado de maneira correcta este asunto e en última instancia se se vai tomar en consideración o que manifestan 11 veciños e veciñas de Busto de Frades mentres si se considera o que manifesta o veciño denunciante aínda que non o acredite suficientemente.

Responde o Sr. Alcalde que non é ese exactamente o fin que se persegue, que o tema aínda está en estudo, e que si se presenta unha denuncia nós a tramitamos e démoslle audiencia a todos os posibles interesados para que presentasen alegacións e en función da documentación

que se presente e previo estudo da mesma se resolverá o expediente de reposición, que non afecta á titularidade.

2. Rogos formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

2.1. Ante a pregunta do Bloque Nacionalista Galego sobre a problemática existente en Busto de Frades acerca da situación da resolución da alcaldía do 25 de abril de 2014, e debido á relación directa coa mesma, expoñemos o seguinte:

No mesmo lugar de Busto de Frades, tras falar cos veciños, manifestáronnos a súa preocupación pola modificación que están a sufrir algúns camiños que anteriormente foron subsanados con escombros, e que actualmente están a rebasar lindes de fincas privadas, facendo que outros veciños, probablemente sen mala intención estén a utilizar parte de esas parcelas particulares para pasar coa súa maquinaria ocasionando desperfectos nas mesmas.

Ante esta situación rogamos que cando se acometa a reparación dos camiños nesta zona e en todas as do Concello se respecten escrupulosamente os marcos que delimitan os camiños para evitar malestares e problemas entre a veciñanza.

Sinala o Sr. Alcalde que o Concello non ocupou terreos de ninguén, que as cosas deben dicirse claramente, que é un problema entre particulares e o Concello non ten nada que dicir, que ninguén puxo en coñecemento do Concello a existencia de ningún problema, e remata sinalando que o Concello non se dedica a ocupar camiños dos veciños como parece deducirse do seu escrito.

2.2. Unha vez confirmada pola Consellería de Educación a acometida das obras de reparación das cubertas do CEIP Pedrouzos, así como a subsanación e posta en marcha do ascensor do centro educativo, obras que darán comezo en canto finalice o presente curso escolar.

Rogamos que o Concello de Brión avalíe a posibilidade de enviar ao persoal do servizo de obras do Concello para que de común acordo coa empresa adxudicataria das obras designada pola Consellería, e sendo como son coñecedores de primeira man dos problemas que acontecen no colexio, se aseguren do bo discurrir das mesmas e realicen supervisións das reparacións que se van levar a cabo, de xeito que sexan as máis axeitadas para permitir o perfecto funcionamento do centro escolar no vindeiro curso escolar, evitando as situacións de malestar e incluso de perigo que se detectaron no presente curso.

Sinala o Sr. Alcalde que o Concello colaborará coa Xunta, pero non supervisará á empresa adxudicataria baixo ningún concepto.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González